

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

ORDE do 15 de setembro de 2021 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2020/21, convocados pola Orde do 9 de abril de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 75, do 22 de abril).

A Orde do 9 de abril de 2021 (DOG núm. 75, do 22 de abril), pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2020/21, establece no seu artigo 15.2 que a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizada a proba, publicada a acta provisional coas puntuacións obtidas polo alumnado, resoltas as reclamacións presentadas, e vistas a acta coa proposta do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2020/21 e a correspondente proposta da persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, sobre a concesión destes premios

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2020/21, ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por delegación de competencia establecida na Orde do 9 de febreiro de 2021 (DOG núm. 31, do 16 de febreiro), no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

P.D. (Orde do 9 de febreiro de 2021; DOG núm. 31, do 16 de febreiro)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade





ANEXO

Premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2020/21

Nº inscrición	Apelidos e nome	Cód. centro	Centro educativo	Importe
2172001185	Alba Vázquez, Inés	36012471	IES Castro Alobre	1.000 €
2100001197	Alonso Cousido, Manuel	27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	1.000 €
2122001251	Amarelo Ginzo, Lucía	27020586	CPR Galén	1.000 €
2101000922	Diz Lindahl, Martín	32008941	IES Eduardo Blanco Amor	1.000 €
2139000180	Domínguez Barreiro, Paula	36006729	IES Valle-Inclán	1.000 €
2192000869	Fernández Campo, Claudia	27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	1.000 €
2168000887	García Couce, Julia	15005245	IES Monelos	1.000 €
2171000819	García Rivas, Santiago	27006553	IES Xoán Montes	1.000 €
2116000584	García Romarís, Luis	15015561	CPR Manuel Peleteiro	1.000 €
2195000693	García Veiga, Lidia	15005221	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	1.000 €
2156001005	González Gómez, Santiago	32016625	IES Celanova Celso Emilio Ferreiro	1.000 €
2197000448	Mantiñán Suárez, Gonzalo	15004460	CPR Plurilingüe Peñarredonda	1.000 €
2102000856	Novo Sánchez, Sofía	15004125	CPR Eiris	1.000 €
2142000369	Otero Gómez, Ibai	36019396	IES Francisco Asorey	1.000 €
2183000528	Recarey Fernández, Andrea	15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	1.000 €
2178000590	Rodríguez Rivas, Carlos	15004642	CPR Plurilingüe Santa María del Mar	1.000 €
2137000347	Ruibal Ortigueira, Marcos	36016127	IES Plurilingüe Aquis Celenis	1.000 €
2125000936	Saborido Tobar, Juan Pedro	15015561	CPR Manuel Peleteiro	1.000 €
2124000520	Vázquez Velasco, Adrián	32008951	IES Ramón Otero Pedrayo	1.000 €
2110000309	Vidal Villalba, Pedro	15006432	CPR Tirso de Molina	1.000 €